



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 724 Semana do 3 ao 9 de abril de 2017

PARA UGT-GALICIA, URXE DERROGAR AS REFORMAS LABORAIS QUE SEGUEN FACENDO MOITO DANO, POÑER EN MARCHA UN PLAN DE CHOQUE POLO EMPREGO E ASEGURAR A PROTECCIÓN SOCIAL DAS PERSOAS EN DESEMPREGO

OS DATOS DE PARO EVIDENCIAN PRECARIIDADE TANTO NO EMPREGO COMO NO DESEMPREGO

A contratación indefinida non chega ao 10 por cento e hai case 11.000 beneficiarios menos de prestacións que hai un ano

Redacción.- Os datos do paro feitos públicos este martes polo Ministerio de Emprego evidencian que a precariedade segue a ser unha característica dominante tanto do emprego que hai en Galicia como para aquelas persoas que están en situación de desemprego. UGT-Galicia reitera que a recuperación non chega aos fogares galegos e que urxen medidas para paliar a lacra do desemprego pero tamén a do emprego precario e a carencia de coberturas sociais para aquelas persoas que máis o necesitan.

Concretando as cifras que ofreceu o martes o Ministerio, en Galicia o paro baixa no mes de marzo en 1.868 persoas, un 0,88 por cento, en relación ao mes anterior, quedando así a cifra total de desempregados en Galicia en 210.056 persoas. A baixa interanual foi de 21.741 parados menos, un 9,4 por cento menos. No Estado a caída no mes é moito máis acusada, dun 1,29 por cento e no ano do 9,58 por cento. Deste xeito, en marzo o número de persoas desempregadas rexistradas en todo o Estado foi de 3.702.317.

Ás mulleres cústalles máis coller o tren da recuperación

Por sexos, o paro entre os homes baixa nun 2,23 por cento (2.146 persoas) fronte á suba dun 0,24 por cento que se rexistra entre as mulleres, 278 mulleres en situación de desemprego máis no mes. En relación a hai un ano baixa en ambos casos, aínda que o descenso é máis significativo entre os homes, dun 11,93 por cento, fronte ao 7,2 por cento feminino. Evidénciase así que a recuperación non está chegando por igual a todos os sectores da sociedade e que ás mulleres estalles a custar máis subir a este tren de melloras. O que conduce tamén a un incremento da fenda entre ho-



mes e mulleres no mercado laboral en Galicia, de feito, o 55,2 por cento do desemprego nesta Comunidade ten rostro de muller.

Por idades, o paro entre os menores de 25 anos medra no mes nun 2,7 por cento, marcando unha tendencia contraria en relación co conxunto de idades. Aínda que en relación a hai un ano o desemprego baixa nun 15,52 por cento.

Por sectores de actividade, o paro medra tan só entre o colectivo de sen emprego anterior, nun 2,36 por cento. No primario redúcese nun 4,3 por cento; na construción, nun 3,76 por cento; na industria, nun 2,9 por cento; e nos servizos, un 0,23 por cento.

En relación a hai un ano, a baixada foi dun 10,2 por cento no sector primario; dun 12,5 por cento na industria; dun 18,9 por cento na construción; dun 7,13 por cento no sector servizos; e dun 8,18 por cento no colectivo de persoas sen emprego previo.

Os datos facilitados polo SEPE indican que a afiliación á Seguridade Social en Galicia sitúase en 959.133 cotizantes, 5.570 máis que en febreiro (0,58 por cento) e, de novo, un incremento menos acusado que no resto do Estado, onde a suba foi dun 0,91 por cento. No ano hai en Galicia 18.585 cotizantes, cun aumento do 1,98 por cento, menos acusado que no resto do Estado onde foi do 3,5 por cento.

O número de contratos rexistrados en marzo en Galicia medrou nun 24,12 por cento respecto a febreiro. A cifra total foi de 77.353 contratos. Medra nun 14,83 por cento en referencia a hai un ano. A proporción de contratos indefinidos sobre os temporais non chega aínda nin ao 10 por cento, quedando nun 9,88 por cento, unha porcentaxe que segue en mínimos e que evidencia a precariedade do mercado laboral galego.

En Galicia quedan fóra do sistema

[Continúa na páxina seguinte...](#)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

[...vén da páxina anterior.](#)

de protección 110.00 persoas en situación de desemprego

En relación á cobertura por desemprego, dende UGT-Galicia denúnciase que o número de beneficiarios é de 102.834 persoas, o que supón unha taxa de cobertura dun 52,7 por cento, deixando fóra do sistema de protección a 110.000 persoas desempregadas. O ano comezou cunha nova caída, hai 10.863 beneficiarios menos de prestacións en febreiro de 2017 que no mesmo mes de 2016.

Neste contexto, UGT-Galicia denuncia que, a pesar da evolución anual marcada pola recuperación económica, marzo volve a evidenciar unha elevada dose de precariedade na contratación que leva á continua perda de calidade do emprego. A contratación indefinida non chega en Galicia aínda nin ao 10 por

cento.

E, ademais, a contratación indefinida tamén é cada vez máis precaria, ás veces camuflados os contratos como de apoio a emprendedores e con salarios cada día máis baixos.

Tamén se denuncia a precarización do desemprego cun descenso continuado das taxas de cobertura e a extensión do paro de longa duración, xunto coa emigración forzosa na busca dun futuro mellor.

Esta realidade debería obrigar á derogación das reformas laborais, que tanto dano están facendo, favorecendo empregos e salarios de escasa calidade e dereitos. Tamén urxe revisar os criterios de acceso a programas como o PAE que, ata a data, e a menos de 15 días da súa finalización, só deron cobertura a unha cuarta parte dos posibles beneficiarios.

A Xunta debe potenciar as políticas activas de emprego. O orzamento de 2017 para este fin segue a ser insuficiente e moi por debaixo do que existía antes da crise

A protección social debe garantirse mellorando a cobertura e reforzando as prestacións por desemprego. E, acompañando esta medida, é fundamental potenciar as políticas activas de emprego desde a Xunta, marcadas polos criterios de austeridade nestes anos e para as que nos orzamentos de 2017 destínanse 209 millóns de euros, cantidade moi afastada dos 378 millóns de euros do ano 2008, antes da crise.

Estas políticas non poden estar orientadas só ás bonificacións á contratación, hai que poñer en marcha medidas de creación de emprego con recursos adicionais para os servizos públicos de emprego que melloren a empregabilidade e a formación, e lograr así a inserción permanente dos desempregados.

UGT CRE QUE SERÁ NECESARIO PROSEGUIR COAS NEGOCIACIÓNS PARA CONSEGUIR UN ACORDO

Redacción.- UGT e CCOO consideran que a patronal debe trasladar á mesa de negociación a proposta de incremento salarial para poder valorala e constatar o cambio de posición que manifestaron ante os medios de comunicación.

UGT e CCOO toman nota da nova iniciativa de incremento salarial das organizacións empresariais que trasladaron aos medios de comunicación, pero advirten que a valorarán na súa totalidade na mesa de negociación, aínda que será necesario proseguir coas negociacións para conseguir un acordo que garanta o poder adquisitivo dos salarios. Consideran que a oferta da patronal supón unha mellora que non é difícil cando se parte de cero, o difícil para a patronal é compartir a necesidade de que a recuperación, que xa chegou ao excedente empresarial, trasládese agora sen ningún tipo de argucias aos salarios das traballadoras e traballadores.

Ambos sindicatos critican que as organizacións empresariais non seguisen o elemental protocolo que acompaña a calquera diálogo e negociación, remitindo aos seus interlocutores as propostas antes de presentalas aos medios de comunicación.

Destacan a importancia de que os salarios recuperen poder adquisitivo nunha economía que deixou atrás a re-



cesión pero non a crise, se é a calidade de vida das persoas a que está en xogo. Nun contexto de aumento xeneralizado do emprego precario, o papel dos salarios é decisivo. Non se debe unir a un contrato precario, un salario indigno, que non recupere parte da capacidade de compra que perdeu nestes anos de profunda crise económica.

Neste sentido, os sindicatos lembran que a mellor garantía para avanzar na recuperación do poder adquisitivo dos salarios é a xeneralización das cláusulas de revisión salarial, unha ferramenta que fai xustiza cando a evolución dos prezos supera a inflación prevista. Por suposto, tanto o incremento salarial como as cláusulas de revisión deberán axustarse á situación económica das empresas.

Doutra banda, UGT e CCOO advirten que na proposta patronal sobre a fun-

ción das mutuas hai unha idea que rexeitan de plano, a de invadir as competencias dos sistemas públicos de saúde que dependen das comunidades autónomas, no que afecta á capacidade das mutuas para dispensar as altas e baixas por enfermidade común. Derivar esta capacidade ás mutuas vén cuestionar a profesionalidade do persoal sanitario do sistema público, o que constitúe un feito intolerable. Esta é unha práctica perversa que devalúa a natureza xurídica dos sistemas públicos de saúde e pon en mans das mutuas competencias que non lles pertencen.

Finalmente, reiteran a súa vontade de aproveitar o cambio operado na actuación das organizacións empresariais a fin de relanzar o diálogo e aproveitar este tempo extra de negociación para ultimar o contido dun acordo que axude a mellorar o emprego e os salarios no noso país.

O PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO 2017 NON ATENDE ÁS NECESIDADES DAS PERSOAS

Supón un novo axuste fiscal este ano de 1,2 puntos do PIB

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores considera que o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado 2017, presentado polo Goberno non atende as necesidades dos cidadáns, nin dos traballadores e traballadoras do noso país, dado que expoñen un gasto público minguado e menos investimento. Preven un freo tanto no crecemento do emprego como na caída da taxa de paro; fían a mellora da recadación e a rebaixa do déficit público ao aumento da inflación, pero non compensa ese aumento dos prezos nin nos salarios dos empregados públicos nin nas pensións. É dicir, empregados públicos, pensionistas e desempregados con subsidios serán os que acheguen recursos ás arcas públicas para que o Goberno cumpra cos seus compromisos con Bruxelas. Para UGT, os PXE 2017 deben apostar pola creación de emprego digno, a recuperación de salarios, dereitos, e servizos públicos, e con ese obxectivo trasladaremos as nosas propostas aos grupos parlamentarios.

O proxecto de lei de Orzamentos Xerais do Estado 2017 non atende as necesidades das persoas, nin afronta os seus problemas reais de desemprego, pobreza e desigualdade, e resulta incompatible co progreso social, a igualdade e a propia estabilidade macroeconómica, dado que se traducen nun gasto público minguado (con apenas un aumento do 1,7% en educación e do 2,3% en sanidade) e menos investimento (que cae un 3,3% en xeral e un 20,6% en infraestruturas).

Ademais, tal e como sinala a Comisión Europea no Informe España 2017, hoxe a nosa economía é máis débil e máis vulnerable ante shocks externos e vaivéns do ciclo económico internacional. E isto nun contexto de alto desemprego, paro de longa duración enquistado e alto nivel de desemprego xuvenil, e elevado nivel de endebedamento, aumenta aínda máis os riscos para a nosa economía real ante as incertezas económicas e políticas internacionais. Hoxe en España a actividade económica está caracterizada por menos industria, menos emprego e de peor calidade, e unha estrutura produtiva debilitada polas políticas de austeridade dos últimos anos, o que impide o crecemento e xusto.

Tal e como están deseñados, os PXE 2017 non só non favorecen o crecemento real da economía española, senón que o frean, pasando do 3,2% de 2016 ao 2,5% previsto para 2017, segundo o cadro macroeconómico que os acompaña, que prevé un fortalecemento do sector exterior (tanto importacións como exportacións), mentres se reduce a demanda interna e o consumo privado. Ade-



mais, preven un freo tanto no crecemento do emprego, que pasa do 2,9% en 2016 ao 2,5% en 2017, como na caída da taxa de paro, que pasa do 19,6% en 2016 ao 17,7% en 2017.

Doutra banda, os PXE 2017 fían a mellora da recadación e a rebaixa do déficit público ao aumento da inflación, pero non compensa ese aumento dos prezos nin nos salarios dos empregados públicos nin nas pensións. A previsión do Goberno é que os prezos aumenten un 1,5% en 2017 (segundo distintos analistas, a revisión é do 2,2%, e en xaneiro e febreiro deste ano o aumento foi do 3% e en marzo do 2,3%), de maneira que os empregados públicos perderán polo menos medio punto de poder de compra e os pensionistas 1,25 puntos en 2017. Isto no mellor dos casos. É dicir, de novo serán os empregados públicos, os pensionistas e os desempregados con subsidios os que acheguen recursos ás arcas públicas para que o Goberno cumpra cos seus compromisos con Bruxelas, compromisos nacionais para esixencias europeas que non fan senón dilapidar o benestar e os dereitos dos cidadáns e traballadores do noso país, e que supoñen un novo axuste fiscal este ano de 1,2 puntos de PIB, é dicir, uns 10.200 millóns de euros, para tratar de rebaixar o déficit público do 4,3 % do PIB en 2016 ao 3,1% en 2017.

Neste sentido, é especialmente grave que se manteña o déficit da Seguridade Social por sétimo ano consecutivo, que se reduza a dotación orzamentaria para o sistema de protección aos parados cando a cobertura da prestación por desemprego caeu desde o 71% en 2011 ata o 55% actual, ou que se recorten os investimentos en infraestruturas que poderían contribuir á modernización do sistema produtivo e ao crecemento.

Porque o seu compromiso debe ser coas persoas, para UGT a clave dos PXE 2017 debe ser a creación de emprego digno e a recuperación de salarios, dereitos e servizos públicos. Porque agora é o momento de apostar por unha posición fiscal expansiva e de re-

orientar os orzamentos nacionais a investimentos sociais clave, apostando polo crecemento inclusivo, a repartición dos beneficios da recuperación e a loita contra a desigualdade e a precariedade, e non por máis desregulación, novas desvalorizacións salariais e máis precariedade laboral.

Os ingresos tributarios previstos para 2017 supoñen un incrementado de case un 8% respecto ao ano anterior, obxectivo de dúbida consistencia, dado que no último ano aumentou un 1,6%, debido en parte ás rebaixas de impostos contraproducentes e electoralistas. Aínda así, descontando estas rebaixas, o aumento foi do 5,3%, case 3 puntos menos do previsto para este ano, nun escenario de menor crecemento e máis incerteza exterior. En resumo, que se non se cumpren estes obxectivos na recadación, o Goberno terá que aumentar impostos, recortar gastos ou incumplir os seus compromisos de déficit con Bruxelas. E UGT aposta pola mellora da recadación. Porque sen ingresos públicos suficientes non poderemos nin reducir o déficit de maneira estable, nin soste un estado de benestar robusto nin dispoñer de servizos públicos de calidade. España necesita recadar máis e facelo de maneira máis xusta, é dicir, repartindo os esforzos mellor, aumentando a progresividade global do sistema, de maneira que paguen máis os que máis teñen.

Trátase de deseñar unha política fiscal desde o consenso social e político que permita a España crecer de forma estable e sostida no tempo, que permita contribuír ao cambio de modelo produtivo que defende a Unión Xeral de Traballadores e que necesita o país. E, para iso, UGT propón levar a cabo unha reforma fiscal integral, que actúe sobre todas as figuras tributarias, que teña como eixo central o nivel de renda dos contribuíntes; acometer un plan de choque de loita contra a fraude fiscal e contra a economía mergullada; e un plan contra a elusión de impostos das grandes empresas. Só perseguindo a fraude fiscal poderían recadarse 80.000 millóns de euros.

O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA CONFIRMA A IMPROCEDENCIA DO DESPIDO DUN TRABALLADOR DE TRAGSA, DEFENDIDO POR UGT

Redacción.- O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirma a improcedencia do despedido dun traballador de TRAGSA, defendido polos servizos xurídicos de UGT Galicia, porque a empresa contratou a outros traballadores, antes, durante e despois de ser despedido por causas obxectivas.

Os servizos xurídicos de UGT-Galicia en Ourense veñen de ver confirmada polo alto Tribunal Galego a sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 4 da capital na que se declaraba improcedente o despedido dun peón de TRAGSA porque contrariamente ao alegado pola empresa de que sobran os 12 traballadores da mesma ca-

tegoría que a empresa tiña contratados para Ourense, quedou probado que se contratara a outros seis traballadores para realizar tarefas na mesma zoa que podían ter sido feitas polos traballadores despedidos.

A sentenza ven a consolidar a doutrina que tamén estableceu a Sala IV do Tribunal Supremo na recente sentenza de 28.10.2016 na que se sinala que a contratación de novos traballadores para ocupar os mesmos postos de traballo que os despedidos supón a constatación da falla de razoabilidade do despedido.

De igual modo, a sentenza recoñécelle ao traballador o dereito a optar



entre a readmisión no seu posto de traballo e nas mesmas condicións de antes do despedido ou a cobrar a indemnización dado que o mesmo formara parte do Comité de empresa e tamén do Comité de seguridade e saúde polo sindicato UGT.

CONVOCADA FOLGA NO MATADOIRO DE AVES DO GRUPO SADA EN CASTRO DE RIBEIRAS DE LEA

Redacción.- Convocada folga o vindeiro martes e mércores no matadoiro de aves do grupo Sada en Castro de Ribeiros de Lea (Lugo) para denunciar como está a decorrer a negociación do convenio colectivo do sector, xa que a parte empresarial pretende a eliminación dos toques ás cooperativas de traballo asociado, que na práctica funcionan como subcontratas ou falsos autónomos.

Neste centro de traballo forman parte da cooperativa de traballo asociado un total de 129 operarios, cunhas condicións laborais que nada teñen que ver coas do resto dos operarios da plantilla. Fernando Teijeiro (FICA-Lugo) aclarou que “trátase dunha figura escravista que carece de calquera tipo de dereito”.

A flexibilidade deste grupo de traballadores en Castro é total, “non teñen contrato, son chamados cando a empresa quere, non teñen dereito a vacacións, non teñen dereito a IT e os salarios páganse en función dos quilos despezados”.

FICA aposta por incorporar esta figura laboral ao convenio do sector pero a patronal non só pretende mantela como está, senón que aínda pretende aumentar os toques e a presenza deste tipo de cooperativas nos matadoiros.

Este é un dos puntos máis conflictivos do convenio pero é que hai máis desacordos, como a conxelación da antigüidade, aumento da flexibilidade da xornada, perda de poder adquisitivo, entre outros.



Isto leva á convocatoria de folga nas 130 empresas do sector que operan en España e que están afectadas polo convenio de matadoiros de aves e coellos.

FESE DENUNCIA QUE O 10 POR CENTO DAS PRAZAS DE VIXIANTES NO CÁRCERE DE TEIXEIRO ESTÁN VACANTES

Redacción.- Os representantes de UGT no cárcere de Teixeiro denuncian a falta de persoal neste centro penitenciario e reclaman que se poñan enriba da mesa as medidas necesarias para solucionar esta situación.

Entre o persoal de vixilancia e observación están vacantes máis do 10 por cento das prazas, denuncia o Sindicato. Por elo, urxe cubrir estas vacantes de xeito estable xa.

O Sindicato tamén denuncia que as recentes lesións a funcionarios por parte de internos perigosos non son incidentes aillados. E feitos así poden repetirse se non se poñen os medios persoais e organizativos.

Pero é que, segundo denuncian, tamén están vacantes a metade dos postos de traballadores sociais e en servizos como cocina a porcentaxe de vacantes chega ao 70 por cento dos postos.



UGT ESIXE UNHA ORGANIZACIÓN MÍNIMA QUE ACHEGUE SENSATEZ AO REPARTO DE MATERIAS AFÍNS EN EDUCACIÓN

Redacción.- A organización das materias afíns, aquelas que se asignan a un profesor especializado noutra área por necesidades de complementar horarios e evitar a contratación por poucas horas de un segundo docente, preocupa á FeSP que denuncia a merma da calidade no ensino que implica a impartición de materias non propias e o estrés engadido que representa para os docentes preparar clases alleas á súa especialidade.

Por iso, a FeSP ven de rexistrar un escrito, avalado por 5.000 sinaturas de profesores galegos, dirixido á Mesa sec-

torial docente para propoñer á Administración a creación de comisións provinciais que en dúas reunións anuais revisen os perfís das prazas con materias afíns asociadas e traballen nun reparto coherente. Ten que haber unha regulación mínima que remate con perfís e asociacións in-



congruentes, alomenos, estruturado en dous grandes bloques, de ciencias ou letras.

OS TRABALLADORES DA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA MOBILÍZANSE POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Os traballadores da sanidade privada da provincia de Pontevedra iniciaron un calendario de mobilizacións esta semana para demandar un convenio digno para o sector.

Dende FeSP explican que, despois de oito reunións para negociar as condicións do Convenio de hospitalización e internamento da provincia de Pontevedra, a patronal continúa a facer unha oferta absolutamente insuficiente.

Propón un convenio a catro anos, comezando no 2017, dando por perdidos o 2014, 2015 e 2016. Cunha suba salarial do 0,5 por cento para o 2017, 2018, 2019 e 2020.

FeSP denuncia que a patronal non fai ningunha outra proposta de mellora social nin de



redución de xornada que permita compensar a perda real de poder adquisitivo, excepto a equiparación salarial de enfermeiros/as e fisioterapeutas en 4 anos.

FeSP, xunto cos outros sindicatos

presentes na negociación, rexeitan tanto a oferta como a actitude que está a manter a patronal. Por iso, decidiron abrir un calendario mobilizador que comezou o luns cunha concentración fronte ao Sinatorio Concheiro en Vigo.

SOLUCIONADO O CONFLITO DO REAL AERO CLUB DE VIGO

Redacción.- FeSMC informa que o conflito do Real Aero Club de Vigo ven de quedar resolto, tras un acordo asinado entre os comeneiros e a dirección do Real.

Co peche deste conflito, ademais de garantir a continuidade do Real Aero Club, garántese o mantemento dos 23 postos de traballo.

Por isto, foi polo que os traballadores viñeron pelexando nestes últimos meses, co apoio da FeSMC, protagonizando numerosas mobilizacións empuzadas en varios puntos da cidade de Vigo.




12 RAZÓN S PARA REIVINDICAR O ESTADO DE BENESTAR

Redacción.- UGT quiere abanderar mes a mes unha reivindicación sindical e social sobre aspectos esenciais do estado de benestar. Para iso, vai trasladar publicamente, a través da súa bandeira, e con cores, doce razóns para a reivindicación, a través de todos os seus medios de difusión.

Así, neste mes, no que se celebra o Día Internacional da Seguridade e Saúde no Traballo, reivindicaranse as políticas de prevención, visualizando a bandeira amarela nas nosas notas de prensa e previsións informativas, etc.

Maiο, o mes, no que se celebra o Primeiro de Maio, queresse reivindicar o respecto aos dereitos fundamentais e das políticas en defensa do público.

A causa ou razón de xuño alzará a voz polo medio ambiente, a agricultura, a gandería e o mundo rural.



Xullo, será o mes da pluralidade, da diversidade e da inclusión en todos os aspectos e visualizarase coa bandeira multicolor, como non podía ser doutra forma.

A razón de agosto é a mocidade, facendo fincapé nos seus problemas e as súas reivindicacións. Non hai que esquecer que o día 12 de agosto é o Día Internacional da Mocidade

Setembro será o mes da negociación colectiva, do delegado sindical.

A razón de outubro será o traballo decente, a de novembro a loita contra a violencia de xénero e decembro será o mes da solidariedade.

Outras reivindicacións foron no mes de xaneiro: a educación, a transparencia das políticas, a calidade e a responsabilidade da xustiza. A razón do mes de febreiro foi o desenvolvemento tecnolóxico e marzo foi o mes das políticas de igualdade.

RENOVACIÓN DO PAE CON DESACORDO NOS REQUISITOS ESTABLECIDOS POLO GOBERNO

Redacción.- Na reunión da Mesa de Diálogo Social sobre o Plan de Choque polo emprego que se celebrou esta semana, o Goberno presentou o proxecto de Real Decreto lei que prorroga e modifica parcialmente o Plan de Activación para o Emprego (PAE).

Neste sentido, UGT e CCOO expomos a necesidade de prorrogar o PAE pero consideramos carentes de xustificación as limitacións ao acceso á protección por desemprego establecidas polo Goberno. Entre os cambios propostos polas organizacións sindicais que o Goberno si aceptou, respecto do programa anterior, 1) a redución de 6 a 3 meses do prazo requirido para solicitar o acceso ao PAE, 2) que se poida solicitar desde o esgotamento de calquera prestación por desemprego, e 3) reducir de 12 a 9 meses o tempo de permanencia do solicitante como demandante de emprego. Todos eles posibilitan que o PAE amplíe a súa cobertura e permiten incrementar o número de persoas que poden beneficiarse do mesmo.

Con todo, tal e como manifestamos na reunión, o programa mantén restricións ao acceso inxustificables, das que a máis importante polos seus efectos é o requisito de ter cargas familiares, cuxa natureza nada ten que ver coa procura activa de emprego, o esgotamento de prestacións e a carencia de rendas, que son os únicos requisitos xustificables, e só pretende recortar as prestacións por desemprego aos parados que máis o necesitan. É, por outra banda, unha discriminación que

afecta sobre todo aos máis novos.

Ademais, outros requisitos establécense só para producir recortes no obxectivo de protección do Programa, como a obrigación de estar inscrito como demandante o 1 de abril de 2017, o que pecha o paso á protección dos desempregados futuros que esgoten as súas prestacións, creando unha protección "conxelada", e establecendo unha discriminación entre uns e outros desempregados en función só dunha data que resulta inaceptable.

Xunto a iso, tampouco se aceptou compatibilizar a axuda do PAE coas rendas mínimas e outros programas similares das comunidades autónomas ou que poidan volver ser beneficiarios quen xa o foron anteriormente e non volveron a atopar emprego.

A renovación do PAE é necesaria pero continuará deixando sen protección a miles de desempregados en situación de necesidade.

Para alcanzar os obxectivos cos que se convocou esta Mesa de Diálogo Social, reclamamos que unha vez despexada a aprobación inmediata da prórroga do PAE, abórdense os seguintes puntos a curto e medio prazo:

1- Continuar os traballos para o deseño e aprobación, dunha reforma dos actuais programas específicos de protección e activación para desempregados de longa duración (PREPARA, RAI e PAE).

2- Seguir avanzando na implementación dun programa de apoio ao emprego dos mozos, no que resulta relevante un desenvolvemento máis eficaz da Garantía Xuvenil Europea. En particular, a través da definición e aprobación urxente de novas medidas, para a activación a través do emprego e a formación dos mozos que nin estudan nin traballan, vinculando estas tamén a un verdadeiro desenvolvemento da formación dual. Destacar a importancia da participación dos interlocutores sociais na definición, desenvolvemento e avaliación destas medidas.

3- Contribuír, xunto ás CCAA, ao deseño e lanzamento do Cartón Social de acordo co acordado na conferencia de Presidentes o pasado 17 de febreiro, co obxectivo de mellorar a protección social dos desempregados.

4- Diseñar, xunto ás CCAA, a nova Estratexia de Activación para o emprego 2017-2020, revisando para iso as Políticas Activas de Emprego, así como, a nova Estratexia de Emprendemento e Emprego Novo.

5- Analizar o sistema actual de protección ao desemprego, co obxectivo de corrixir as insuficiencias do actual modelo de protección, á vez que se reordenan os distintos tipos de prestacións, subsidios e rendas asistenciais existentes a nivel estatal, autonómico e local, e fortalecendo a coordinación entre os servizos de emprego e os servizos sociais.

AS PREVISIÓNS DO BANCO DE ESPAÑA REAFIRMAN A NECESIDADE DE SUBIR OS SALARIOS

